

Don José Villán Fuertes, Secretario do Concello de Carballo - A Coruña

**CERTIFICO:**

Que o Pleno da Corporación Municipal, en sesión Ordinaria celebrada en data luns 29 de xullo de 2019 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**“6.- Estratexia de Mellora e Xestión do Espazo Público e da Mobilidade no Concello de Carballo como PLAN DE MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE (PMUS) do Concello de Carballo. (CIPUM de 22/07/2019). Aprobación.**

**Primeiro.-** Aprobado o documento da Estratexia, mellora e xestión do espazo público e da mobilidade no Concello de Carballo como PLAN DE MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE (PMUS), cuxo contido fundamental referido a obxectivos e programas de actuación está recollido no documento titulado "Propostas de Actuación" presentado pola UTE "I Plan Movilidad S.L.-Tema Ingeniería, S.L." (UTE IPLAN TEMA CARBALLO), redactado en decembro de 2018, tendo en conta o resultado da exposición e participación cidadá levada a cabo na fase IV dos traballos contratados. Este documento de propostas de actuación está colgado na páxina web do concello coa ligazón «[http://www.carballo.org/media/documentos/EXPOSICION\\_FASE\\_III.pdf](http://www.carballo.org/media/documentos/EXPOSICION_FASE_III.pdf)»

**Segundo.-** Autorizar á Alcaldía na forma máis ampla posible para a realización das actuacións e xestións, así como para a firma de cantos documentos sexan necesarios para levar a cabo a execución deste acordo.

**Terceiro.-** Publicar o acordo de aprobación no Boletín Oficial da Provincia para coñecemento xeral”.

E para que conste, para os efectos oportunos expido o presente certificado coa reserva establecida no art. 206 do R.O.F., de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Carballo, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

V. e Pr.  
O alcalde